CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña

Exp. 2020/G007/000022

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:
Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 21 de decembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"9.- Plan especial de protección, infraestruturas e dotación en Arnados-Razo. Aprobación inicial.

ASUNTO:	*Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - PE2 "Razo-Arnados". Aprobación Inicial.*
EXPTE.	*2017/X999/001277*
PROMOTOR:	*Concello de Carballo*
REX. ENTRADA:	*202000000007192 de 01/12/2020.*
REDACTORES:	*Iria Pérez Miranda (arq. col. 3194 COAG), Miguel Angel Abad Blanco (Arq. Col. 1877 COAG) Antonio Deus Álvarez (Arq. Col. 1875 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (Arq. Col. 3877 COAG).*

O plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016) (PXOM-16), delimita un ámbito de terreo no lugar de Arnados, na parroquia de Razo, para o seu desenvolvemento mediante un plan especial de protección, infraestruturas e dotacións que se nomea como "P.E.2 RAZO-ARNADOS".

Para a elaboración deste plan especial o concello contratou a un equipo redactor que con data 18/12/2017 (RE 201799900000563) presentou o documento de avance do borrador do plan especial e do avance do documento inicial estratéxico do plan.

A partir deste documento constan no expediente os seguintes

I. ANTECEDENTES E TRÁMITES REALIZADOS:

Solicitude de inicio da A.A.E. ordinaria do plan especial PE2 "RAZO-ARNADOS" do PXOM de Carballo de 1 de febreiro de 2018, acompañada do avance do borrador do plan especial e do avance do documento inicial estratéxico (DIE) do plan.

Resolución do 8 de xuño de 2018 pola que se formula o documento de alcance (DA) do plan especial (RE 201800000005567 de 26/06/2018. Acompáñanse copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas, correspondentes aos seguintes organismos:
- *Instituto de Estudos do Territorio (IET).*
- *Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU).*
- *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC).*
- *Dirección Xeral de Ordenación Forestal.*
- *Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.*
- *Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN).*

Informe sobre a AAEO emitido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar remitido ao concello pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 14/12/2018 (RE 2018000000011455).

Presentación da documentación do PE2 -"ARNADOS-RAZO" para emisión dos informes previos á aprobación inicial en materia de costas o 04/12/2019 (RE 201999900002266).

Solicitude de informe previo á aprobación inicial en materia de costas á DXOTU de 11/12/2019 (acuse de recibo 09/01/2019).

Solicitude de informe previo á aprobación inicial en materia de costas á Demarcación de Costas do Estado en Galicia de 11/12/2019 (acuse recibo 19/12/2019).

Informe técnico dobre a suficiencia dos servizos urbanísticos emitido polo enxeñeiro municipal José M. Facal Fariña o 05/02/2019.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Informe en materia de costas da DXOTU de 06/02/2020 (RE 202090000001012 de 07/02/2020).
Informe sobre a suficiencia da rede eléctrica emitido por UNION FENOSA distribución o 21/02/2020 (RE 202099900000381).
Informe sobre a suficiencia da rede de telecomunicacións de R emitido por R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES SA o 20/03/2020 (RE 20209990000002127).
Informe en materia de costas da Dirección General de la Costa y el Mar (Subd. General del DPMT) de 13/04/2020 (RE 202090000002127 de 15/04/2020).
Presentación do documento para aprobación inicial do PE2 "RAZO-ARNADOS" o 01/12/2020 (RE 202000000007192).

Os servizos técnicos municipais en base ao anterior e tendo en conta a normativa aplicable emitiron informe técnico e xurídico con data 02/12/2020 en senso favorable formulando proposta de aprobación inicial do plan especial de protección, infraestruturas e dotacións "P.E.2 RAZO-ARNADOS".

Deste informe municipal destacase o seguinte contido:

II. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana (TRLS 7/2015).
Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.
Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA).
ORDE do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016) (PXOM-16).
Lexislación sectorial: Tendo en conta as categorías de solo rústico que se insiren dentro do ámbito do PE, haberá que ter en conta especialmente a lexislación sectorial de aplicación en materia de protección das costas, espazos naturais, augas e espazos paisaxísticos:
- *Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas.*
- *Real Decreto 876/2014, de 10 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de Costas.*
- *Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.*
- *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade.*
- *Ley 42/2007, de 13 de diciembre, de patrimonio natural y de la biodiversidad.*
- *Real Decreto Legislativo 1/2001, del 20 de julio. por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas.*
- *Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por RD 849/1986, de 11 de abril, coas sucesivas modificacións.*
- *Plan de ordenación do litoral de Galicia aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (POL).*
- *Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.*

III. OBXECTO DO PLAN ESPECIAL

O obxecto do PE2 - RAZO ARNADOS establécese na ficha da normativa do PXOM-16:
"Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para este área de recualificación, preservar o medio ambiente do litoral costeiro, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a mellora das dotacións e as infraestruturas. O plan especial deberá prever as redes de servizos suficientes segundo o artigo 72.2. da LOUG.
O Obxecto desta delimitación é ordenar de forma integral as zonas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcadoiros, eta, dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico, inclúese a necesidade de realizar un estudo de demanda de aparcamento nos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.
As dotacións localizaranse na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros dende o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.
Conxuntamente co estudo de detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando unicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.
O plan tamén indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesarias para as áreas degradadas. O equipamento deportivo existente, deberá reubicarse fora do dominio público marítimo terrestre e da servidume de protección. O PE estudará o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.
Parte do ámbito do plan inclúese no área de recualificación "Playa de Razo", O plan indicará as accións cara a dar cumprimento aos criterios e directrices establecidas polo POL para estas zonas".

IV. ÁMBITO E REAXUSTE DO PLAN ESPECIAL

O ámbito descríbese literalmente na ficha e de forma gráfica nas follas B-02 e C-02 dos planos de ordenación de CLASIFICACIÓN DO SOLO E SISTEMAS XERAIS. Segundo os datos que constan no PXOM-16 ten unha superficie bruta de 312.811 m². No apartado III.3. e no plano O-02 descríbese e xustifícase o reaxuste do ámbito cuxas características esenciais son as seguintes:

- *Incorpórase a totalidade da superficie viaria da rúa Paseo da Praia a fin de darlle un tratamento conxunto no plan especial, deixando fóra a zona correspondente aos terreos privados segundo as aliñacións do PXOM reaxustadas polo ED da fachada marítima de Arnados aprobado definitivamente o 02-03-2020 (DOG 111 09-06-2020/ RPG 47/20 10-07-20/BOP 117/28-07-2020). Este reaxuste supón a inclusión de 5.602,00 m².*
- *Inclúese a totalidade do vial que delimita a parte alta do núcleo de Arnados a carón de Monte Peados (886,00 m²) e unha parte do vial que vai cara Razo da Costa (452,00 m²).*
- *Exclúese un pequeno anaco de terreo correspondente a unha edificación situada na zona próxima á estrada provincial (89,00 m²).*
- *Por indicación da Subdirección Xeral de DPMT no seu informe previo á aprobación inicial de data 13/04/2020 exclúense os terreos que están dentro do DPMT que supoñen unha superficie total de 6.491,00 m².*

Unha vez realizados os reaxustes anteriores a superficie resultante para o ámbito do plan especial é de 313.171,00 m² que supón unha variación de 13.520,00 m² considerando a incorporacións e exclusión de terreos equivalente a o 4,32% e inferior ao 10% disposto nos artigos 65.2 da LSG e 157.2. do RLSG. Tal e como consta nestes artigos será necesaria a audiencia previa aos propietarios ou propietarias afectados que se fará durante o proceso de información pública.

V. DETERMINACIÓNS ESTABLECIDAS NO PXOM DE CARBALLO

As determinacións do PXOM-16 veñen establecidos nos apartados de "OBXECTO E DETERMINACIÓNS" e "OBSERVACIÓNS" que se conteñen na ficha correspondente.

1.- Realizarase un estudo da demanda de aparcadoiro nos areais, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión.

Segundo se recolle no apartado III.4. da memoria xustificativa correspondente á dotación de aparcadoiro e no ANEXO 9 de estudo da mobilidade, no momento de maior afluencia contabilízanse mais de 1000 vehículos que se sitúan nunha bolsa de aparcadoiro localizada no fronte marítimo a carón da praia (300 prazas), nos viais públicos (200 prazas), en dúas privadas (400 prazas) e mesmo nas zonas mais sensibles do espazo trasdunar e dunar.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O PE propón a eliminación destas zonas de estacionamento e propón varias bolsas de aparcadoiro que se indican no punto III.5.6. da memoria, nos planos de ordenación e no anexo de estudo da mobilidade sustentable. Dúas destas bolsas terían carácter permanente cun total de 468 prazas (P1) e outras dúas serían estacionais cunha dotación de 616 vehículos (RP2) cun total de 1.084 prazas que superan a dotación actual. Estas catro zonas sitúanse fora da zona de dominio público terrestre e da zona de protección, próximos á implantación prevista para os equipamentos deportivos e sen afectar a espazos protexidos.

2.- As dotacións localizaranse na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros desde o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde do DPMT vacante de edificacións de carácter permanente.

O PE proxecta unha serie de dotacións públicas destinadas a zonas verdes e equipamentos que se describen nos apartados 5.2. e 5.3. da memoria e se reflicten nos planos de ordenación. O PE establece que as edificacións de carácter permanente asociadas a esta dotacións situaranse fora da zona de protección do DPMT.

3.- Conxuntamente co estudo de detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando unicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.

Tal e como consta no apartado 4. da memoria xustificativa, un dos criterios e determinacións de ordenación do PE consiste na eliminación do tráfico rodado no vial paralelo ao borde. O tratamento específico desta zona descríbese no apartado 5.4. da memoria xustificativa co título de "Redefinición da infraestrutura liñal", no que se especifica que nesta zona proxéctase un espazo liñal de carácter peonil que ocupa unha superficie de 9310,00 m², dotado ademais de carril bici.

4.- O plan indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesarias para as áreas degradadas

Dous dos criterios e determinacións que se especifican na memoria do PE coinciden con esta condición da ficha do PXOM para este ámbito. Trátase da denominada "Área de rexeneración ambiental" e có obxectivo xeral de "Recuperación paisaxística".

As áreas de rexeneración ambiental correspóndense con zonas que están sometidas actualmente a procesos de degradación nas que se establecen unha serie de accións concretas encamiñadas á recuperación de especies protexidas:

- *Eliminar o tráfico rodado.*
- *Eliminar as zonas de aparcadoiro.*
- *Acoutar zonas de tránsito peonil.*
- *Eliminar especies invasoras.*

Tal e como describe o plan especial incorpóranse nesta categoría os terreos situados no estremo oriental do ámbito que coinciden coa zona que está incorporada á Rede Natura 2000 e con corredores ecolóxicos do POL sumando unha superficie total de 116.564,00m² que supoñen mais dun terzo da superficie total (37%). Esta zona subdivídese en tres subzonas; "Área 1 de dunas e cantís", "Área 2 de renaturalización" e "Área 3 de mantemento" que se identifican no plano de zonificación como A1, A2 e A3. En todos os casos as accións e usos previstos están encamiñados exclusivamente á rexeneración e protección destes espazos implementando medidas previstas no Plan Director da Rede Natura 2000 e na Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna da Xunta de Galicia.

En canto ao obxectivo de recuperación paisaxística o plan especial establece medidas concretas no capítulo 4 da normativa "Medidas para a adecuada integración no territorio" e nas distintas ordenanzas zonais.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5.- O equipamento deportivo existente, deberá reubicarse fóra do dominio público marítimo terrestre e da servidume de protección.

Esta determinación entendese que se refire á previsión dunha nova zona para implantar un campo de fútbol existente na zona litoral, pero toda vez que esta instalación deportiva está situada fóra dos límites do plan especial, este instrumento non pode establecer acción algunha sobre terreos que non están dentro do ámbito. Non entanto na ordenación prevista destínase unha parcela de equipamento para o posible traslado do campo de fútbol na zona oeste do ámbito.

6.- Estudarase o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.

Este obxectivo ou determinación coincide cos previstos no plan especial para a zona que corresponde á "Redefinición da infraestrutura liñal" consistente na creación dun paseo peonil e de recuperación de espazos públicos no fronte do núcleo de Arnados

7.- Indicaranse as accións para dar cumprimento aos criterios e directrices establecidas polo POL para estas zonas (ámbitos de recualificación).

No apartado 6.3. da parte informativa da memoria indícanse as determinacións establecidas polo POL para este ámbito, neste apartado consta entre outros aspectos a coincidencia cun ámbito de recualificación así como con diferentes áreas do POL que se poden apreciar no plano de información I-15:

8.- O PE definirá a xestión económica do ámbito.

O PE establece como sistema de actuación ou xestión do ámbito o de expropiación, no apartado dedicado aos instrumentos de xestión urbanística do plan, que se divide en catro etapas con varias sub-etapas.

9.- Incorporarase un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP).

O P.E. incorpora como ANEXO 5 o EIIP adaptado á Lei 7/2008, do 7 de xullo da protección do paisaxe de Galicia ao Decreto 96/2000, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo da protección do paisaxe de Galicia, á Guía de estudos de impacto e integración paisaxística e ás determinacións que se conteñen nas DOT e no POL que resultan de aplicación

O contido do EIIP adáptase en liñas xerais ao establecido no artigo 27 e seguintes do Regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia, e contén a documentación que se determina no art. 31 do mesmo

10.- O PE deberá considerar, no ámbito incluído dentro da ZEC "Costa da Morte" e ZEPA "Costa da Morte Norte" as determinacións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

As referencias e consideracións ao Plan director da Rede Natura 2000 están presentes o longo do PE, analizándose de forma concreta en varios apartados e adaptando as solucións propostas nas zonas incluídas no ámbito deste plan director ás súas determinacións.

11.- Deberase ter en conta o establecido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Este precepto correspóndese co establecido actualmente no artigo 46.3. da lei.

VI. DETERMINACIÓNS ESTABLECIDAS NA LSG-RLSG

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tal e como se estableceu anteriormente o presente plan especial ten unha dobre finalidade:

a) Preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais e as paisaxes de interese (artº 179.1. RLSG).
b) Establecer e ordenar as infraestruturas e dotacións (artº 183 RLSG).

En base ao anterior o presente PE deberá dar cumprimento ás determinacións que se establecen na lexislación urbanística para estes instrumentos de planeamento de desenvolvemento con carácter xeral e de forma específica para os plans especiais de protección e para os de infraestruturas e dotacións

O PE cumpre coas disposicións común aos plans de desenvolvemento (art. 157 RLSG), así como coas determinacións xerais dos plans especiais (art. 178 RLSG) e as relativas aos plan especiais (art. 179.6 RLSG). Tamén cumpre coas determinacións dos plans especiais de infraestruturas e dotacións (art. 183.2 RLSG), tal como se detalla no apartado V do informe municipal de 02/12/2020.

VII. INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL E DO PLANEAMENTO TERRITORIAL

O presente PE desenvólvese na súa totalidade sobre terreos clasificados como solo rústico de especial protección coas categorías de espazos naturais, costas, augas, paisaxe e sometidos á lexislación sectorial correspondente. Así mesmo gran parte do ámbito está dentro dos límites de dous instrumentos de ordenación territorial que establecen importantes limitacións aos usos permitidos, como son o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) e o Plan Director da Rede Natura 2000 (PDRN).

Os instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no ámbito de actuación son os seguintes:

Directrices de ordenación do territorio (DOT).
Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).
Plan director da Rede Natura 2000 (PDRN).
Plan director de acuicultura litoral (en redacción) (PDAL).
Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2015-2021 (PHGC).
Estratexia de adaptación ao cambio climático da costa española.

No apartado VI do informe municipal citado analízanse as afeccións da lexislación sectorial e dos instrumentos de ordenación territorial que condicionan o contido do plan especial obxecto deste expediente.

VIII. INCORPORACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DO DOCUMENTO DE ALCANCE AO PE

Na tramitación realizada consta a Resolución do 8 de xuño de 2018 pola que se formulou o documento de alcance (DA) do plan especial, esta resolución inclúe os comentarios e informes recibidos durante o período de consultas, correspondentes aos seguintes organismos:

Instituto de Estudos do Territorio (IET).
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU).
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC).
Dirección Xeral de Ordenación Forestal.
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN).

No apartado VII do informe municipal detallase o cumprimento e integración no PE das determinacións e observacións do documento de alcance.

IX. INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL

De acordo co disposto no artigo 117.1. da Ley 22/1988, de 28 de junio, de Costas, solicitouse informe aos órganos competentes en materia de costas da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

.- O informe da Administración do Estado foi emitido con data 13/04/2020 e contén unha serie de consideracións que se deberán ter en conta no plan especial. No apartado 7.2. da parte xustificativa da memoria indícase o xeito en que se incorporan estas consideracións.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

.- O informe da DXOTU da CPTOPV en materia de costas, foi emitido o 06/03/2020 e fai tres consideracións que non supoñen cambios no documento sometido a ese informe.

No apartado VIII do informe municipal descríbense con detalle as consideracións dos informes previos.

X. DOCUMENTACIÓN

A documentación que se integra no presente PE axústase ao disposto no artigo 184 do RLSG, tal como de describe no apartado IX do informe municipal.

Tamén se axusta ao previsto nas normas técnicas de planeamento NNTTPP agás no disposto nos artigos 6, 13, 14, 15 e 16 destas normas, ás que se debera adaptar no documento que se elabore logo do trámite de información pública e antes de remitilo ao órgano ambiental.

XI. TRAMITACIÓN DO PLAN ESPECIAL

Tendo en conta as consideracións que constan no apartado 6 da Resolución do 8 de xuño de 2018 pola que se formula o DA para a AAEO do PEPID en Razo-Arnados e o contido dos artigos 75 da LSG e 186 do RLSG, a tramitación do plan especial na fase que nos ocupa será a que se indica a continuación:

- *O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

- *Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. As consultas son as que constan no apartado 6.1. do DA esta relación deberá completarse coa solicitude dos informes sectoriais do ANEXO II, táboa 2 do RLSG que procedan no presente caso . Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.*

Tomando en consideración as alegacións e informes formulados nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico (EAE) e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

XII. ORGANO COMPETENTE

Os plans especiais encádranse na LSG como instrumentos de planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. O presente PE está previsto no PXOM de Carballo.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Por outra parte, complementando o precepto anterior, esta mesma lei dispón, no seu artigo 22.2.c), que corresponden ao Pleno municipal as atribucións relativas a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como dos convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

En consecuencia, respecto do plan especial a competencia para a aprobación inicial está atribuída legalmente ao alcalde, e a aprobación definitiva -que pon fin á tramitación municipal- está expresamente atribuída ao Pleno do concello.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña

En virtude da resolución da Alcaldía de data 17/06/2019 sobre delegación de competencias (Decreto nº 1661/2019, BOP 21/06/2019) nesta fase de tramitación a aprobación inicial do plan especial corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas –entre outras- as atribucións referidas ás aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno.

Por todo o anterior, visto o informe técnico xurídico do 02/12/2020 dos servizos técnicos municipais, e vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación de 14/12/2020, no expte. 2017/X999/001277, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - PE2 "Razo-Arnados", con reaxuste da súa delimitación, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Iria Pérez Miranda (arq. col. 3194 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (arq. col. 3877 COAG), Miguel Ángel Abad Blanco (arq. col. 1877 COAG) e Antonio Deus Álvarez (arq. col. 1875 COAG) .*

Segundo.- *Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado.*

Terceiro.- *Notificaráselles individualmente a aprobación inicial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados que figuran no apartado III da parte xustificativa da memoria do plan especial. Nestas notificacións especificaranse cales son parcelas afectadas polo reaxuste do plan especial.*

Cuarto.- *Formular as consultas e solicitar os informes sectoriais que se relacionan a continuación:*
- Administracións e organismos públicos:
a) Administración Xeral do Estado:
Delegación do Goberno.
Mº de Asuntos Económicos y Transformación Digital
D.G. de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.
b) Administración da Comunidade Autónoma de Galicia :
Consellería do Medio Rural.
Dirección Xeral de Defensa do Monte.
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (POL).
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
Instituto de Estudos do Territorio.
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
Dirección Xeral de Mobilidade.
Augas de Galicia.
Consellería de Cultura e Turismo.
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
c) Administración local :
Deputación provincial da Coruña.
- Público interesado:
Adega.
Sociedade Galega de Historia Natural.

Quinto.- *Advertir que a documentación en formato editable correspondente á proposta do plan que se remitirá ao órgano ambiental, unha vez realizados os cambios que procedan en función das*

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña

alegacións presentadas e informes sectoriais emitidos, deberase adaptar ao disposto nos artigos 6, 13, 14, 15 e 16 das Normas Técnicas de Planeamento de Galicia.
Igualmente modificarase na regulación da zona de solo rústico para o Área de Mellora Ambiental e Paisaxística a clasificación de usos compatibles 2Ñ e o 2Q, para clasificalos como usos permitidos.

Sexto.- *Tal e como se establece na ficha que se contén na normativa do PXOM, no ámbito deste plan especial non se poderán outorgar licenzas ata o seu desenvolvemento."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 28/12/2020 12:07:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 28/12/2020 12:29:00)
Versión imprimible
CVD: eO1xzOTfF8aLeysmAQMz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.